

## **SESIÓN ORDINARIA DE 28 DE SETEMBRO DE 2.015**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e quince minutos do día 28 de setembro de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María Begoña Seco Varela, D. José Manuel López Castro, Dona María Magdalena Ron Villar, D. Xosé Ferreiro Fernández, D. Francisco Xabier Molinos Campos e Dona María Luisa Meilán Lombao, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas e D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo incorpóranse nos puntos 7º e 4º da orde do día, respectivamente.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 13 E 26 DE XUÑO DE 2015**

Ponse de manifesto aos membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas os días 13 e 26 de xuño de 2015.

O voceiro do BNG fai uso da palabra para presentar a seguinte alegación ao acta da sesión plenaria ordinaria do día 26 de xuño de 2015:

*No pleno citado anteriormente, no punto número 2, “PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO DA CORPORACIÓN”, o portavoz do BNG na súa quenda de palabra, con toda corrección e antes de explicar a posición política do seu grupo neste punto, solicitou ao Secretario Xeral do Concello, que non o é só do Alcalde, información técnico-xurídica sobre a legalidade ou non de que un Pleno da Corporación se puidera celebrar nun local distinto á Casa do Concello, por exemplo no local social dunha parroquia, si así as circunstancias o aconsellaban e así era acordado pola corporación.*

*O señor Alcalde, como xa se está a converter nun costume, impediulle contestar á pregunta directa deste concelleiro, manifestando que en todo case se respondería no seguinte Pleno.*

*Do mesmo xeito consideramos que sería ridículo obrigarnos a que dende a oposición tivéramos que solicitar do noso Secretario un informe por escrito cada vez que temos unha dúbida técnica ou xurídica que se pode responder de seito inmediato.*

*Por todo iso, o Grupo Municipal do BNG fai a seguinte alegación á acta mencionada:*

*Alegación:*

*No punto número 2, “PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO DA CORPORACIÓN”, antes da exposición do voceiro do BNG debe incluírse:*

*“O portavoz do BNG solicitou ao Secretario Xeral do Concello información técnico-xurídica sobre a legalidade ou non de que un Pleno da Corporación se puidera celebrar nun local distinto á Casa do Concello, por exemplo no local social dunha parroquia. O señor Alcalde impediulle contestar ao Secretario esta pregunta manifestando que, en todo caso, se respondería no seguinte Pleno.”*

*Ademais, subsidiariamente solicitamos que no caso de non ser aceptada esta alegación, este escrito de alegación sexa achegada á esta acta sometida a aprobación”.*

O Alcalde non encontra inconvinte en aprobar a corrección proposta.

Sométese a votación a aprobación das actas citadas.

Realizada a votación, as actas –coa corrección proposta na acta do 26 de xullo– resultan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes.

## **2.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI**

O Alcalde fai uso da palabra para defender a seguinte proposta de modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, proposta de modificación que se diferencia da sometida á comisión informativa no feito de que introduce unha rebaixa importante no importe dos prezos públicos a aboar polos beneficiarios do servizo, xa que, logo que a Deputación accedeu a cumprir as súas obrigas legais de financiar o servizo dun xeito proponderante, o Concello ten a posibilidade de trasladar esta mellora do financiamento ao cidadán.

Por iso propón a aprobación do seguinte texto:

*“Artigo. 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA*

*No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 o 17 e 41, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5*

*marzo, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, que constitúe un servizo público municipal que se presta de acordo co establecido na Lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos Sociais comunitarios e o seu financiamento, Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, Regulamento municipal e disposicións da presente Ordenanza.*

#### *Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE.*

*Constitúe o feito imponible deste prezo público a prestación do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrència e a prestación do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia e que no Programa individualizado de Atención de recursos teñan o SAF como recurso asignado, ou como respiro complementario de outro recurso e/ou prestación.*

#### *Artigo 3. SUXEITO PASIVO.*

*Serán suxeitos pasivos do prezo público regulado na presente ordenanza:*

*a) As persoas recoñecidas como dependentes ao abeiro da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e teñan resolución do Plan Individualizado de Atención (PIA) no que se lle recoñeza o citado servizo (calquera que sexa a súa modalidade) sexan dadas de alta no servizo municipal de acordo co estipulado no Regulamento Municipal do servizo de axuda no fogar.*

*b) As persoas que accedan ao servizo de axuda no fogar por libre concorrència e que sexan dadas de alta no servizo municipal de acordo co estipulado no Regulamento Municipal do servizo de axuda no fogar.*

*Se o/a beneficiario/a carece de capacidade para obrar, dita obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal ou, no seu caso, sobre quen exerza de feito o seu coidado.*

#### *Artigo 4º COTA TRIBUTARIA.*

*As persoas usuarias do SAAD contribuíran ao financiamento do custo do servizo na medida da intensidade dos servizos recibidos e da súa capacidade económica nos termos dos artigos 5 e 7 desta ordenanza e de conformidade co establecido no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.*

*As persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de libre concorrència participará no custo do servizo en función da capacidade económica per cápita calculada segundo o recollido no artigo 6 e en base as regras establecidas nos artigos 8 desta ordenanza e en función do establecido no Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.*

*Para o cálculo do custo do servizo se terán en conta a totalidade dos gastos vencellados de xeito directo á prestación do servizo (custos salariais e seguridade social, suministros, custes de administración imputables ao servizo.. etc.). A suma de ditos custos se dividirá entre a totalidade de horas efectivamente prestadas no eido temporal ao que veñen referidos os custos.*

#### *Artigo 5. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS CON DEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO, USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.*

*1.-A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia .*

*2. O resultado do cálculo da capacidade económica correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar constará na resolución do plan individualizado de atención que se resolva en*

*cada caso de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.*

*Artigo 6.- DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUE COPAGAMENTO ( AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA).*

*No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:*

*1.- Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

*2.- Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.*

*3.- A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.*

*Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.*

*O establecido no parágrafo primeiro deste artigo será de aplicación a outros servizos cofinanciados pola Xunta de Galicia susceptibles, pola súa natureza e a*

tipoloxía da poboación destinataria ,de seren obxecto dun sistema de participación das persoas usuarias no seu financiamento.

*Artigo 7º. PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS, CON DEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO, COMO USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.*

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Nos demais supostos, para facer efectiva a obriga das persoas usuarias de participar no custo do servizo, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

%	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adap tacións funcio nais do fogar, podolo xía, fisioter apia	Activida des de acompañ amento, socializa ción e desenvolv emento de hábitos saudable s	Ser vizo de prést amo de axud as técni cas	Adap tacións funcio nais do fogar, podolo xía, fisioter apia	Activida des de acompañ amento, socializa ción e desenvolv emento de hábitos saudable s	ser vizo de prést amo de axud as técni cas	Adap tacións funcio nais do fogar, podolo xía, fisioter apia	Activida des de acompañ amento, socializa ción e desenvolv emento de hábitos saudable s	Ser vizo de prést amo de axud as técni cas
	<=15			<=28			<=45		
100,0 0 %	0,00 %	12,87 %	13, 76 %	0,00 %	22,73 %	24, 29 %	0,00 %	35,51 %	37, 95 %
115,0 0	5,98 %	13,10 %	14, 00 %	10,56 %	23,12 %	24, 71 %	16,50 %	36,13 %	38, 61 %

%									
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

*Artigo 8º. PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS USUARIAS NO FINANCIAMENTO DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO NOS SUPOSTOS DE LIBRE CONCORRENCIA.*

*1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrancia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordó co establecido no artigo 16 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de Outeiro de Rei.*

*FAMILIAS DUN SO MEMBRO*

<i>Capacidade económica</i>	<i>Participación no custo do servizo de SAF básico</i>
-----------------------------	--



<i>Menor do 0,80 do IPREM</i>	<i>0</i>
<i>Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM</i>	<i>10 %</i>
<i>Maior do 1,50 do IPREM e menor ou igual a 2 IPREM</i>	<i>20 %</i>
<i>Maior do 2 do IPREM e menor ou igual a 2,50 IPREM</i>	<i>60 %</i>
<i>Maior de 2,5</i>	<i>80 %</i>

*Para familias de máis dun membro aplicarase o 10% máis nos tramos dous e tres.*

*2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.*

*3. En calquera caso establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.*

#### *Artigo 9. NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO E PERÍODO IMPOSITIVO.*

*A obriga de pagamento do prezo público regulada nesta ordenanza, nace dende o día en que se inicie a prestación do servizo de axuda no fogar, rateándose cando se liquiden meses incompletos. As liquidacións practícaranse a posteriori, por meses naturais en función do servizo prestado durante os vinte primeiros días do mes seguinte*

#### *Art. 10.-NORMAS DE XESTIÓN.*

1. O devengo dos prezos públicos regulados neste acordo xurde o día en que se inicie a prestación do servizo, debéndose facer efectivo con periodicidade mensual durante os primeiros vinte días do mes seguinte.

2. A forma de pago será mediante domiciliación bancaria, previa autorización do beneficiario por escrito.

3. O concello formulará mensualmente un padrón no que reflectirá o prezo correspondente a cada usuario en función das horas de servizo efectivamente prestadas.

4. A primeira liquidación será notificada ao interesado, as sucesivas liquidacións serán entregadas na entidade bancaria en onde se atope domiciliado o pago durante os primeiros vinte días do mes seguinte.

5. En caso de suspensión temporal do servizo descontarase das cotas a parte proporcional que lle corresponda mensualmente.

6. As débedas do prezo público regulado nesta ordenanza poderanse esixir polo procedemento administrativo de constrinximento

#### *Artigo 11º.- AFECTACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS POLO COPAGAMENTO DOS SERVIZOS.*

*De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de Outeiro de Rei, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.*

#### *Artigo 12º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.*

*As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.*

#### *DISPOSICIÓN TRANSITORIA*

*Namentres a Xunta de Goberno non determine un novo custo por hora do servizo, este virá fixado en 11 euros/hora.*

#### *DISPOSICIÓN DERRADEIRA.*

*A presente ordenanza entrará en vigor e será de aplicación a partir da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e logo de transcorrer o prazo ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derogación”.*

Esta proposta de modificación implica unha baixada a cada beneficiario equivalente ao 10% do custe do servizo, e repite que se debe a que o Concello pode facelo xa que a Deputación de Lugo incrementou o financiamento do servizo e este incremento de financiamento o Concello o quere repercutir aos cidadáns.

O voceiro do grupo municipal do BNG expresa o seu ben parecer a baixa na fiscalidade aos cidadáns, se ben considera que os servizos sociais, como servizos básicos, deben ser servizos gratuitos para todo o mundo. Isto debe entenderse nun marco fiscal que debe ser progresivo, de xeito que quen máis gañe máis pague e, precisamente por pagar máis impostos, xa ten sufragado o acceso ao servizo. Polo tanto anuncia o voto en contra do seu grupo.

A concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE anuncia o seu voto en contra, e considera que a modificación non é suficiente, e pon coma exemplo que unha persoa con grado 3 con 115%, o resultado son 522 euros, que é unha cantidade inferior ao IPREM e incluso ao salario mínimo interprofesional, polo que quedarían nunha situación precaria.

A voceira do grupo municipal de Foro Lugo Independiente, considiera que hai un erro no plantexamento da orde do día, xa que primeiro debería abordarse o punto relativo á modificación do regulamento do servizo para poder estudar as consecuencias orzamentarias da modificación e dos criterios de cobro. Así, critica que non faga un estudo sobre si con esta modificación está garantida o financiamento do servizo trala modificación do mesmo, nin se existe dotación orzamentaria para a contratación do personal necesario para a prestación do servizo, xa que é un servizo multidisciplinar no que traballan psicólogos, médicos, persoal sanitario... etc.

Polo tanto, esta ordenanza dí o que costa ao usuario o servizo, pero non o incremento de custe que implica para o Concello a nova organización do servizo. Remata ratificando as consideracións dos grupos do BNG e máis do PSdG-PSOE.

O Alcalde afirma que, en tanto non son de esquerdas nin queren selo, e non están a favor de que pague o mesmo quen gane 700 euros ao mes que quen gañe 3000 euros, senón que cada quen debe pagar en función da súa capacidade económica. Por outra banda, sería moi bonito prestar os servizos gratis, pero non é posible porque os cartos son limitados.

O Alcalde recorda que débese distinguir entre o servizo de dependencia, que está regulado e financiado pola Xunta de Galicia polo que o Pleno carece de potestade de decisión ao respecto, e o SAF básico, no que o Concello podería limitar o número de beneficiarios -e incluso non prestalo- se ben o Concello non limitou o servizo a pesar de que a Deputación do bipartito incumpliu a súa obriga de financiamento. Agora que a Deputación cambiou de criterio, o Concello quere facer partícipe aos veciños desta mellora de financiamento, agora ben, en función da súa capacidade económica, xa que non é de recibo que pague o mesmo por este servizo quen gañe 100 a quen gañe 1000. É claro que o sistema tributario é progresivo, pero hai impostos que non o son, coma o IVE, e un veciño que quere mercar algo paga o 21% teña os ingresos que teña.

En contestación á cuestión plantexada por Foro Lugo, afirma que o Concello ten dotado orzamentariamente o servizo, ao igual que estivo nos anos anteriores.

O voceiro do grupo municipal do BNG afirma que quen leva toda a vida traballando e cotizando e tributando, ten dereito a acceder a estes servizos básicos. Outra cousa é que os ricos cada vez pagan menos impostos e que nos queiran facer ver o contrario. E afirma que o que o traballador paga en impostos é moi superior ao que pode costar uns libros de texto, por poñer un exemplo. O problema de fondo é que dende o Goberno do Estado estase a beneficiar, precisamente, a quenes máis teñen, dando cartos aos banqueiros, facilitar a reforma laboral para que os empresarios gañen máis cartos ... etc.

Outro motivo para votar en contra é que a Xunta de Galicia está a incumprir unha sentenza xudicial que lle obriga a participar no financiamento dos servizos sociais dos concellos, xa que dentro da política de recortes eliminaron as partidas destinadas ao financiamento dos servizos sociais municipais, trasladando todo o peso sobre os concellos, e mentres isto non cambie nos debemos votar en contra.

A voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE expresa o seu rexeitamento á proposta de modificación, xa que réstalle poder adquisitivo aos máis dependentes.

A concelleira de Foro Lugo Independiente insiste en que primeiro debería tratarse a modificación orzamentaria necesaria para levar a cabo a modificación do servizo así como si as aportacións dos usuarios son suficientes para custealo.

O Alcalde afirma que existe dotación orzamentaria, este ano e os anteriores, e existe esta dotación orzamentaria xa que este Concello fixo este esforzo a pesares da situación económica gravísima provocada pola xestión do anterior Goberno do PSOE, e a pesares de que a Deputación soamente financiou os servizos sociais en 8000 euros/anos.

E isto se fixo dende a convicción de que hai que axudar ás persoas máis débiles, ás que teñen menores ingresos, e isto soamente é posible cobrando ás restantes.

No que se refire ás aportacións das diferentes Administracións Públicas, recorda que a Xunta de Galicia aporta na orde de 150.000 euros/ano aos servizos sociais do concello, mentres que a Deputación de Lugo 8000 euros/ano e o Concello 120.000 euros/ano.

Aquí se pode ver o que fan os gobernos de esquerdas (aportan 8000 euros/ano aos servizos sociais deste concello), e os gobernos do partido popular (preto de 300.000 euros).

Por outra banda, o pago dos usuarios en función da súa capacidade económica, non soamente permite financiar o servizo, senón tamén racionalizar o seu uso, tal e como se demostrou no tema das menciñas.

Acto seguido propón a votación conxunta dos puntos 2 e 3 da orde do día, dado que o debate xa versou sobor ambos puntos, de xeito que tamén se votaría a seguinte proposta de aprobación provisional da ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar:

#### *“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.*

*A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.*

*A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.*

*Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se*

*estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.*

*O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.*

*O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira.*

*O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.*

*En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Outeiro de Rei , de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.*

## **CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS**

*Artigo 1º.- Obxecto:*

*É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo concello de Outeiro de Rei .*

*Este servizo poderá prestarse de forma indirecta por entidades debidamente autorizadas ou ben directamente polo propio Concello.*

*En todo caso a sede oficial estará emprazada nas dependencias do Concello de Outeiro de Rei sito en Praza do Concello núm 1, Outeiro de Rei.*

*Artigo 2.- Ámbito de aplicación:*

*O establecido nesta ordenanza municipal é de aplicación ao programa de axuda no fogar que se desenvolva no término municipal de Outeiro de Rei.*

*Artigo 3.-Natureza, definición e obxectivos do servizo:*

*1.- O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atención a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual. O Servizo referido non exime á familia das súas responsabilidades. A súa planificación, coordinación e control correspondenlle aos servizos sociais comunitarios do Concello.*

*2.-O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.*

*3.-O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.*

*Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:*

*a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.*

*b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.*

*c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.*

*d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.*

*e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.*

*f) Retardar ou evitar a institucionalización.*

*g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social*

*Artigo 4º.- Contido do servizo:*

*1.-De conformidade coa valoración técnica realizada polos técnicos dos servizos sociais no servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:*

*a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria tales como:*

*- Asistencia para levantarse e deitarse.*

*- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.*

*- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.*

*- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.*

*- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.*

*- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.*

*- Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.*

*b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:*

*- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.*

*- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes de carácter administrativo, xudicial ou similares, así como o seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.*

*Para as actividades de acompañamento fóra do fogar, como norma xeral, as saídas fóra do domicilio realizaranse cos medios propios do usuario/a, facendo a auxiliar, funcións de acompañamento e non de traslado.*



*c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia, tales como:*

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.*
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.*
- Preparación dos alimentos.*
- Lavado e coidado das prendas de vestir, así como do enxoval doméstico.*
- Apoio á unidade familiar.*
- Coidados básicos da vivenda.*

*Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.*

*d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.*

*2. O servizo de axuda no fogar, unha vez garantido o nivel básico de atención, poderá incorporar, ademais, entre outros, os seguintes tipos de actuacións e servizos de carácter complementario:*

*a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.*

*b) Servizo de préstamo de axudas técnicas ou produtos de apoio para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica ou produtos de apoio calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.*

*c) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.*

*d) Adaptacións funcionais do fogar.*

*e) Servizo de podoloxía.*

*f) Servizo de fisioterapia.*

*g) Terapia ocupacional*

*3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.*

*4. En todo caso o conxunto de atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.*

*5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:*

*- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.*

*- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.*

*Artigo 5º.- Persoas destinatarias:*

*1.- O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. O servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no domicilio e no seu contorno inmediato e para os que este servizo poida significar a súa permanencia no fogar coas súas necesidades básicas cubertas.*

*2.- Darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.*

*3.- Familias con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo, por circunstancias que afecten os cuidadores, suficientemente xustificadas.*

*4.- Familias en risco de exclusión social coa finalidade de dar unha resposta preventiva e socializadora.*

*Artigo 6º.- Dereitos das persoas usuarias:*

*En relación co establecido no artigo 6 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e demais normativa vixente, as persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios básicos terán dereito:*

- a) A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.*
- b) A accederen e utilizaren os servizos en condicións de igualdade e non discriminación.*
- c) A recibiren unha atención individualiza e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.*
- d) A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.*
- e) A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.*
- f) A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.*
- g) Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.*
- h) A coñeceren a situación do seu expediente.*
- i) A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.*
- j) A calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.*
- k) Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade dos servizos sociais comunitarios desde a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.*

*Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias:*

*As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:*

*a) Cumplir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.*

*b) Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.*

*c) Cumplir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.*

*d) Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.*

*e) Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.*

*f) Facilitar e cooperar no seguimento e avaliación e inspección do servizo.*

*g) Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.*

*h) Comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir ou dificultar a prestación do servizo.*

*Artigo 8.-Causa de extinción e modificación do servizo:*

*1.- A extinción e modificación da prestación do servizo requirirá informe técnico dos servizos municipais, audiencia ós interesados e será aprobado polo órgano municipal competente.*

*Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:*

*- Renuncia da persoa usuaria.*

- Cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

- Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.

- Falecemento da persoa usuaria.

- Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

- A falta reiterada de pagamento do servizo.

- Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

*Artigo 9.- Causas de suspensión temporal do servizo:*

*Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:*

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrência e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias

*de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.*

*2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.*

## *CAPITULO II: DA PRESTACIÓN DO SERVIZO*

### *SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓN COMÚNS*

#### *Artigo 10.- Formas de prestación do servizo:*

*O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello de Outeiro de Rei ben mediante xestión directa da propia entidade local , ou ben mediante a contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público (Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público), a través de entidades privadas debidamente autorizadas.*

#### *Artigo 11.- Requisitos específicos*

*1.- Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais.*

*No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exigible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:*

<i>Número de persoas usuarias</i>	<i>Persoal técnico mínimo</i>
<i>50 a 99</i>	<i>1 técnico/a titulado/a a xornada completa</i>
<i>100 a 199</i>	<i>2 técnicos/as titulados/as a xornada completa</i>

200-399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2.- O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de Técnico de Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

Outros profesionais: educador familiar, psicólogo, animador sociocultural, persoal sanitario, etc..., que intervirán para cada caso cunha programación específica, elaborada ao efecto con mención dos obxectivos, metodoloxía e sistemas de avaliación en equipo. Voluntariado serán persoas que actúen de forma solidaria, sen expectativas de remuneración, como apoio necesario para a boa efectividade do servizo, complementando de forma coordinada as funcións e tarefas encomendadas ao persoal anteriormente citado.

3.- o seguemento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias a fagan necesario e, como mínimo, cunha periodicidade bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4.-A entidade local titular do servizo de axuda no fogar, tanto se o presta en réxime de xestión directa como se o presta en réxime de xestión indirecta ou, de ser o

*caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no cal constará, cando menos:*

*a) Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.*

*b) Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable que designe a entidade titular do servizo.*

*c) Un acordo de servizo asinado entre a entidade titular do servizo e a persoa usuaria.*

*d) Informes de seguemento periódicos, que terán un carácter bimestral,ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.*

*En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal,.*

## **SECCIÓN 2ª DA PRESTACIÓN DO SERVIZO POLAS ENTIDADES LOCAIS**

### **Artigo 12º.-Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento**

*O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:*

*1.- O acceso ó servizo será prioritario e directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. Para estes efectos, o concello de Outeiro de Rei, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. Para estes efectos garantiráselles aos servizos sociais comunitarios municipais acceso en tempo real ao dito programa.*



*As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás cales se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do cuidador.*

*2.- Para as persoas que non teñan o recoñecemento de situación de dependencia ou non lles asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrència, segundo o seguinte procedemento:*

*a. Presentación da solicitude , segundo o anexo II desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:*

*I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.*

*II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.*

*III. Certificado de convivencia.*

*IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.*

*V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao de dependencia, de ser o caso.*

*VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:*

*1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.*

*2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan*

*3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.*

*4. Calquera outra documentación que sexa requerida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.*

*En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.*

*As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para enmendar deficiencias; en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.*

*b.As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo I*

*c.O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para dictar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.*

*No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.*

*d.Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.*

*e.Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo IV desta ordenanza (anexo III da Orde de 22 de xaneiro de 2009).*

*f.Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a*

*documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.*

*Denegación do servizo:*

*As solicitudes de prestación do servizo de axuda no fogar poderán ser denegadas polo seguinte:*

- Non reunilos requisitos de acceso establecidas na presente ordenanza.*
- Non acadar un tercio máis un da puntuación total establecida na presente ordenanza (33 puntos)*

*Artigo 13.- Desenvolvemento da prestación do servizo:*

*1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.*

*2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.*

*3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requerido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.*

*Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa técnicamente posible.*

*Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.*

*4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo IV desta ordenanza.*

*5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo V desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.*

*6. Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.*

*7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.*

*8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.*

#### *Artigo 14.- Intensidade na prestación do servizo*

*1.-A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.*

2.-A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

3.-Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.

*Artigo 15 Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.*

1.-A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia .

2. O resultado do cálculo da capacidade económica correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar constará na resolución do plan individualizado de atención que se resolva en cada caso de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

*Artigo 16.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento*

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1.- Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2.- Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3.- A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

*Artigo 17º. - Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.*

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Nos demais supostos, para facer efectiva a obriga das persoas usuarias de participar no custo do servizo, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo

por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

*Artigo 18º.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento*

*1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a*



*seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordó co establecido no artigo 16 desta ordenanza.*

#### *FAMILIAS DUN SO MEMBRO*

<i>Capacidade económica</i>	<i>Participación no custo do servizo de SAF básico</i>
<i>Menor do 0,80 do IPREM</i>	<i>0</i>
<i>Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM</i>	<i>10 %</i>
<i>Maior do 1,50 do IPREM e menor ou igual a 2 IPREM</i>	<i>20 %</i>
<i>Maior do 2 do IPREM e menor ou igual a 2,50 IPREM</i>	<i>60 %</i>
<i>Maior de 2,5</i>	<i>80 %</i>

*Para familias de máis dun membro aplicarase o 10% máis nos tramos dous e tres.*

*2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.*

*3. En calquera caso establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.*

*Artigo 19º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos.*

*De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de Outeiro de Rei, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.*

*Artigo 20º.-Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos*

*No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguemento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do concello ou entidade local.*

*Artigo 21º.- Obrigados ao pagamento*

*Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas usuarias do servizo de axuda no fogar prestado por este Concello.*

*Artigo 22º. -Nacemento da obriga de pago*

*O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.*

*A obriga de pagar os prezos públicos regulados nesta ordenanza, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:*

*1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.(dacordo co Decreto 149/2013)*

*2. Por parte do concello elaborarase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.*

*Artigo 23º. - Infraccións e sancións.*

*As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.*

#### *DISPOSICIÓN ADICIONAIS*

##### *PRIMEIRA.- APROBACIÓN DE MODELOS*

*Facúltase ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro responsable da área de servizos sociais para a aprobación mediante Decreto de todos aqueles modelos de documentos que sexa necesario empregar para o correcto funcionamento do servizo.*

##### *SEGUNDA.-*

*O servizo de axuda no fogar do Concello de Outeiro de Rei é un servizo de titularidade municipal e estará supervisadopola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do devandito Concello, que supervisará a prestación do mesmo, recibindo as suxestións e queixas que poidan derivarse da súa prestación, propoñendo as formulas de corrección que se estimen pertinentes.*

*TERCEIRA.-O SAF no Concello de Outeiro de Rei adaptarase en todo momento á normativa estatal e autonómica vixente.*

##### *DISPOSICIÓN DERROGATORIA*

*Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Outeiro de Rei, publicado no BOP núm. 159, de 11 de xullo de 2012, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria a mesma.*

##### *DISPOSICIÓN DERRADEIRA*

*Esta ordenanza entrará en vigor segundo o establecido nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/85 de Bases do Réxime Local permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.*

## ANEXO I

*Baremo para determinar a asignación do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrancia.*

*FACTOR-I: AUTONOMÍA PERSOAL (máximo total 36 puntos).*

*O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade o do grado de dependencia.*

*As persoas dependentes valoradas que, polo calendario oficial de implantación, teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrancia.*

*A asignación de valor en función do factor autonomía persoal realizarase de acordo coa seguinte táboa:*

*1.1.INDEPENDENCIA NAS ACTIVIDADES BÁSICAS DA VIDA DIARIA (ABVD) (Escala elaborada partindo do índice de Katz e o Índice Barthel).*

*-Lavarse:*

- ❖ Non recibe axuda no baño (0 puntos)*
- ❖ Precisa axuda para lavar unha parte do corpo ( as costas ou algunha extremidade incapacitada) (1 punto)*
- ❖ Precisa axuda para lavar máis dunha parte do corpo, para entrar ou saír da bañeira ou non pode bañarse soa.( 2 puntos)*

*-Arraxarse:*

- ❖ Non recibe axuda para lavarse a cara, mans, dentes, peitearse, afeitarse e maquillarse. ( 0 puntos)*
- ❖ Precisa axuda para limpar dentes, peitearse, afeitarse, maquillarse. ( 1 punto)*
- ❖ Precisa axuda para todas as actividades anteriores. ( 2 puntos)*

*-Vestirse ( inclúe: coller roupa de armarios e caixóns):*

- ❖ Non precisa axuda para coller roupa, poñela, poñer complementos, abotoarse, atar os zapatos.( 0 puntos)*

- ❖ *Precisa axuda para coller roupa, vestirse algunha prenda ou complemento, atar os zapatos.( 1 punto)*
  - ❖ *Precisa axuda para coller a roupa e vestirse.(2 puntos)*
- Usar o retrete:*
- ❖ *Non precisa axuda para ir ó retrete, límpase e coloca a roupa sen axuda ( pode usar barra de apoio, bastón, etc) , e poder manexar cuñas ou orinais.(o puntos)*
  - ❖ *Precisa axuda para ir ó retrete , ou na limpeza , colocación da roupa, uso da cuña ou oriñal.( 1 punto)*
  - ❖ *Non pode realizar ningunha das anteriores actividades. ( 2 puntos)*
- Deambular:*
- ❖ *Non precisa axuda para camiñar menos de 50 metros, aínda que se axuda con bastón, muletas, prótesis ou andador sen rodas.(0 puntos)*
  - ❖ *Precisa axuda física ou supervisión para camiñar máis de 50 metros.(1 punto)*
  - ❖ *Fai uso de cadeira de rodas ou non realiza ningunha das anteriores actividades.(2 puntos)*
- Escaleiras:*
- ❖ *Non precisa axuda ou supervisión para subir e baixar escaleiras, aínda que se axude de muletas ou bastóns ou se apoia en varanda.(0 puntos)*
  - ❖ *Precisa axuda física ou supervisión.( 1 punto)*
  - ❖ *Non sube nin baixa escaleiras.(2puntos)*
- Trasladarse:*
- ❖ *Non precisa axuda para ir do sillón á cama, ou empregar a cadeira de rodas.(o puntos)*
  - ❖ *Precisa mínima (unha persoa) axuda física ou supervisión.(1 punto)*
  - ❖ *Precisa gran axuda (dúas persoas)aínda que é capaz de manterse sentada ou non realiza ningunha das anteriores actividades.(2 puntos)*
- Micción (valorar situación seman previa):*
- ❖ *Controla a micción ou non precisa axuda para coidarse da sonda ou colector.(o puntos)*

❖ *Precisa axuda para administrarse supositorios ou lavativas, ou ten incontinencias ocasionais ( menos de 1 vez a semana) ( 1 punto)*

❖ *Ten incontinencias ( máis de 1 vez a semán), necesita doutra persoa para administrar lavativas, etc ( 2 puntos)*

*-Deposicións (valorar semán previa):*

❖ *Non precisa, controla esfínteres ( 0 puntos)*

❖ *Precisa axuda para administrarse supositorios ou lavativas, ou ten incontinencias ocasionais ( menos de 1 vez a semana) (1 punto)*

❖ *Ten incontinencia ( máis de 1 vez a semana), necesita doutra persoa para administrar lavativas, etc ( 2 puntos)*

*-Alimentación:*

❖ *Non precisa axuda para comer.(0 puntos)*

❖ *Precisa axuda para cortar carne, o pan, estender manteiga, etc ( 1 punto)*

❖ *Precisa axuda para comer ou alimentarse parcial ou totalmente por tubos ou intravenosamente. ( 2 puntos)*

*TOTAL FACTOR 1.1 (máximo 20 puntos)\**

*\*Máximo de 20 puntos: dependencia total. De 19 a 10 puntos: Dependencia media, a persoa necesita axuda para algunha ou todas as actividades. De 9 a 1 puntos: Dependencia baixa, a persoa necesita axuda para varias actividades e hai alguna que non pode realizar. 0 puntos: non dependencia.*

*1.2. INDEPENDENCIA NAS ACTIVIDADES INSTRUMENTAIS DA VIDA DIARIA (AIVD) ( Adaptación da Escala de Lawton e Brody).*

*-Transporte:*

❖ *Non precisa axuda para viaxar soa no transporte público ou conduce o propio coche. ( 0 puntos)*

❖ *Precisa acompañante para viaxar en transportes públicos ( 1 punto)*

❖ *Non pode viaxar.( 2 puntos).*

*-Facer compras:*

❖ *Non precisa axuda para facer compras (0 puntos)*

❖ *Precisa acompañamento para facer calquera compra. (1 punto)*

❖ *Non fai ningunha compra.(2 puntos)*

*-Lavar a roupa:*

- ❖ *Non precisa axuda para lavar a roupa ( 0 puntos)*
- ❖ *Non precisa para lavar pequenas prendas. ( 1 punto)*
- ❖ *Non se ocupa do lavado da roupa.(2 puntos)*

*-Coidado da casa:*

- ❖ *Non precisa axuda para realizar as tarefas domésticas. ( 0 puntos)*
- ❖ *Precisa axuda para realizar tarefas domésticas lixeiras como lavar pratos ou facer a cama. ( 1 punto)*
- ❖ *Precisa axuda para realizar calquera das tarefas domésticas. ( 2 puntos)*

*-Uso do Teléfono:*

- ❖ *Non precisa axuda para utilizar o teléfono, busca e marca números. ( 0 puntos)*
- ❖ *Non precisa axuda para contestar o teléfono, pero non pode marcar. ( 1 punto)*
- ❖ *Non utiliza o teléfono ( 2 puntos).*

*-Preparación da comida:*

- ❖ *Non precisa axuda para organizar, preparar , e serve as comidas por si mesma adecuadamente. ( 0 puntos)*
- ❖ *Precisa axuda para que lle proporcionen os ingredientes, aínda que prepara a comida adecuadamente ( 1 punto)*
- ❖ *Precisa que lle preparen e lle sirvan a comida ( 2 puntos)*

*-Responsabilidade respecto á súa medicación:*

- ❖ *Non precisa axuda para tomar a medicación no horario e dose correctas. ( 0 puntos)*
- ❖ *Non precisa axuda para tomar a medicación, aínda que precisa que lle preparen as doses adecuadas. ( 1 punto)*
- ❖ *Precisa axuda para tomar e para preparar as doses adecuadas. ( 2 puntos)*

*-Manexo da organización económica:*

- ❖ *Non precisa axuda para manexar asuntos económicos, ingresos, gastos, facer xestións, etc ( 0 puntos)*
- ❖ *Precisa axuda para facer xestións como ir ó banco, etc ( 1 punto)*

- ❖ *Non manexa cartos. ( 2 puntos).*

*TOTAL FACTOR 1.2. ( máximo 16 puntos)\*\**

*\*\*Máximo de 16: Dependencia total, precisa axuda na realización de todas as actividades. De 15 a 8 puntos:; Dependencia media, a persoa necesita axuda para alguna ou todas as actividades. De 7 a 1 puntos: Dependencia baixa, a persoa necesita axuda para varias actividades e hai algunha que non pode realizar. 0 puntos: Non dependencia.*

*TOTAL FACTOR 1: (36 puntos.)*

*FACTOR-2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos).*

*- A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos).*

*- A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos).*

*- A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):*

- ❖ *Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos).*
- ❖ *Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos).*
- ❖ *Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos).*
- ❖ *Con incapacidade para organizarse (3 puntos).*

*- Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos).*

*- Vive só/soa pero hai familiares con posibilidades de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km. (5 puntos).*

*- Está ben atendido (0 puntos).*

*Total puntos apoio social: 20 puntos*

*FACTOR-3: SITUACIÓN FAMILIAR /SOCIALIZACIÓN MENORES (máximo total 20 puntos).*

*3.1.- Conflito (máximo total 4 puntos).*

- ❖ *Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto).*
- ❖ *Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos).*
- ❖ *Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos).*



❖ *Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos).*

3.2.- *Limitacións de rol (máximo total 2 puntos).*

❖ *Familias nas que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atención aos menores (2 puntos).*

3.3.- *Monoparentalidade (máximo total 2 puntos).*

❖ *Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada, ...) non poidan atender aos menores (2 puntos).*

3.4.- *Habilidades parentais (máximo total 2 puntos).*

❖ *Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administración do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos).*

3.5.- *Número de menores (máximo total 10 puntos).*

❖ *Un menor (3 puntos).*

❖ *Dous menores (5 puntos).*

❖ *Tres menores (7 puntos).*

❖ *Catro ou mais menores (10 puntos).*

*Total puntos situación familiar/socialización menores: 20 puntos*

*FACTOR-4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (máximo total 20 puntos).*

4.1.- *Vivenda (total 10 puntos).*

*-Réximen de tenencia:*

❖ *Cedida ( 1 punto)*

❖ *En Aluguer( 1 punto)*

❖ *En amortización ( 1 punto)*

❖ *Propia(0 puntos)*

*-Condicións de habitabilidade da vivenda:*

❖ *Non reúne as condicións mínimas de hixiene/ habitabilidade ( 1 punto)*

❖ *Reune condicións de habitabilidade ( 0 puntos)*

*-Equipamento e adaptabilidade:*

❖ *Carece de calefacción ( 1 punto)*

❖ *Carece de teléfono ( 1 punto)*

- ❖ *Carece de auga corrente ( 1 punto)*
- ❖ *Carece de auga quente ( 1 punto)*
- ❖ *Carece de luz eléctrica ( 1 punto)*
- ❖ *Carece de cuarto de baño completo ( 1 punto)*
- ❖ *Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda ( 1 punto)*
- ❖ *Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda ( 1 punto)*

*4.2.- Integración no contorno (total 10 puntos).*

- ❖ *Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos).*
- ❖ *Ausencia de relacións sociais (6 puntos).*
- ❖ *Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos).*
- ❖ *Integración axeitada no contorno (0 puntos).*

*Total puntos outros aspectos sociais: 20 puntos*

*ANEXO II*

*SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR*

<i>DATOS PERSONAIS DO/A SOLICITANTE</i>		
<i>D/Dª</i>		
<i>DNI/NIE:</i>	<i>Data de nacemento:</i>	<i>Estado Civil:</i>
<i>Enderezo:</i>		<i>Tfno:</i>

<i>DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL/GARDADOR DE FEITO (Si é o caso)</i>	
<i>D/Dª</i>	<i>DNI / NIE:</i>

<i>Enderezo:</i>	
<i>Relación de parentesco co solicitante:</i>	<i>Telf:</i>

*SOLICITA a valoración do seu caso para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar, conforme á normativa municipal que regula este servizo.*

*ATENCIÓNS QUE SOLICITA.*

<i>ATENCIÓNS DE CARÁCTER PERSOAL.</i>	
<i>Aseo Persoal</i>	
<i>Axuda para vestirse, erguerse</i>	
<i>Axuda para administración de medicación</i>	
<i>Apoio na mobilización</i>	
<i>ATENCIÓNS DE CARÁCTER DOMÉSTICO</i>	
<i>Limpeza do Fogar</i>	
<i>Coidado da roupa</i>	
<i>Preparación da comida</i>	
<i>Compra.</i>	
<i>ATENCIÓNS DE CARÁCTER PSICOSOCIAL E EDUCATIVO</i>	
<i>ATENCIÓNS DE CARÁCTER TÉCNICO COMPLEMENTARIO</i>	

*Asi mesmo autoriza ó Departamento Municipal de Servizos Sociais do Concello de Outeiro de Rei ao uso dos seus datos pessoais e familiares, conforme ós artigos 5 e 6 da Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, así como*

*requerir documentación que precise a realizar as visitas domiciliarias que foran necesarias tal e como se recolle no regulamento do servizo.*

*En Outeiro de Rei a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de*

*Asdo: \_\_\_\_\_*

*Sr Alcalde do Concello de Outeiro de Rei .*

#### *ANEXO IV*

*Servizo de axuda no fogar*

*Acordo de servizo*

*Reunidos en Outeiro de Rei o día .....dunha parte don/dona . .....  
con DNI. ....e doutra don/dona . Traba Social., en calidade de técnico responsable  
do servizo de axuda no fogar de ..SAF*

*ACORDAN:*

*1. Que o Concello de Outeiro de Rei prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á  
persoa arriba citada, desde o día.....*

*2. Que a prestación do servizo de axuda no fogar realizarase con carácter indefinido  
para as persoas usuarias de dependencia e para as persoas usuarias que accedan ao sistema  
por libre concorrencia por un prazo de ..... , con posibilidade de prórroga segundo  
valoración técnica do Departamento de Servizos Sociais .*

*3. Que o SAF se levará a cabo por un total de ..... horas mensuais, distribuídas  
semanalmente nos seguintes días .....*

*4. Que atendendo ao Decreto 99/2012, do 16 de marzo, ao Decreto 149/2013, do 5 de  
setembro, á Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, á  
Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF e á aplicación do baremo que  
corresponde, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de ..... euros, polo  
que lle corresponde unha porcentaxe de .....% sobre a súa capacidade económica. En base*

ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo, comprométese a achegar a cantidade de .....€ mensuais, polo total de horas prestadas.

*E para as persoas usuarias de libre concorrencia:*

*Que atendendo ao Decreto 99/2012, do 16 de marzo, á Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, á Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de ..... euros, polo que lle corresponde unha porcentaxe de .....% sobre o custo do servizo. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo, comprométese a achegar a cantidade de ..... polo total de horas prestadas.*

5. *Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido no punto 4º, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.*

6. *Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:*

<i>Atencións de carácter persoal</i>	
<i>Atencións de carácter persoal doutras actividades da vida diaria</i>	
<i>Atención de carácter doméstico:</i>	
<i>Atencións de carácter Psicosocial e tivo</i>	
<i>Atencións de carácter técnico e ementario</i>	

7. *Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.*

8. *Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.*

9. *Que nas dependencias do Concello está a disposición das persoas usuarias un libro de queixas e reclamacións.*

10. *Que co presente acordo se lle entrega á persoa usuaria unha copia da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar debidamente visada polo órgano competente.*

Ámbalas dúas partes dan a súa conformidade ao presente acordo de prestación do SAF e asínano.

Outeiro de Rei, .....de .....de 20

O Alcalde,

A persoa usuaria

O técnico responsable

### ANEXO V

Servizo de axuda no fogar

#### PROXECTO DE INTERVENCIÓN INDIVIDUAL

##### 1.- Datos de identificación do expediente

<i>Intervención nº</i>		<i>Data solicitude</i>		<i>Data de inicio</i>	
<i>Sector de referencia</i>		<i>Ámbito de atención</i>		<i>Nº total de usuarios</i>	
<i>Nome e apelidos</i>					
<i>DNI</i>		<i>Sexo</i>	<i>Estado civil</i>		<i>Data nacemento</i>
<i>Enderezo</i>					
<i>Proxecto</i>	<i>Data proxecto</i>	<i>Data revisión do proxecto</i>		<i>Data fin proxecto</i>	
<i>Proxecto elaborado por:</i>			<i>Posto</i>		

Tipoloxía do servizo a prestar:

<i>Modalidade</i>	<i>Grao/nivel</i>	<i>Horas concedidas</i>	<i>Horas semanais</i>

*Antecedentes relevantes:*

*Días da semana e horario*

<i>Horario</i>	<i>L</i>	<i>M</i>	<i>M</i>	<i>V</i>	<i>S</i>	<i>D</i>
	<i>UNS</i>	<i>ART</i>	<i>ERC</i>	<i>OV</i>	<i>ENR</i>	<i>AB</i>

*Tipo de atencións a prestar*

<i>Atencións de carácter persoal</i>		
<i>Atencións de carácter doméstico</i>		
<i>Atencións de carácter complementario</i>		
<i>Atencións de carácter psicosocial e educativo</i>		

*Perfil dos/as profesionais:*

*Traballador/a social do concello:*

*Traballador/a social da empresa xestora:*

*Auxiliar de axuda a domicilio:*

*3.- Existencia doutros servizos / apoios*

*Existencia:*

*Servizos / apoios:*

*Nº horas semanas:*

*4.- Obxectivos do servizo propósito*

<i>Nivel individual</i>	
<i>Garantir a cobertura de necesidades básicas e instrumentais</i>	
<i>Evitar a dependencia de desenvolvemento persoal</i>	

<i>Fomentar as competencias de resolución de problemas</i>	
<i>Minimizar os sentimentos de soidade e illamento</i>	
<i>Colaborar no mantemento dun estado de saúde favorable</i>	
<i>Nivel familiar</i>	
<i>Posibilitar un nivel aceptable de integración</i>	
<i>Apoiar a tarefa do coidador principal</i>	
<i>Nivel social</i>	
<i>Facilitar a participación do usuario na comunidade</i>	
<i>Achegar recursos comunitarios o interesado</i>	
<i>Favorecer un nivel relacional gratificante</i>	
<i>Outros obxectivos</i>	

5.- *Desglose das tarefas básicas a realizar:*

	<i>ATENCIÓNS DE CARÁCTER PERSOAL</i>	<i>F RANXA HORA RIA (*1)</i>	<i>PERIODICIDADE</i>			
			<i>IARI O</i>	<i>S EMAN AL</i>	<i>M ENSUA L</i>	<i>T RIMES TRAL</i>
<i>MOBILIZACIÓNS</i>	<i>Levantar e deitar</i>					
	<i>Incorporación cama/cadeira</i>					
	<i>Transferencias</i>					
	<i>Cambios posturais</i>					
	<i>Axudar a subir e baixar escaleiras</i>					
	<i>Apoio nos desprazamentos</i>					
	<i>Baño/ducha</i>					



	<i>Aseo parcial (miembros superiores, inferiores, pés...)</i>					
	<i>Lavado de cabeza</i>					
	<i>Cambio de cueiros</i>					
	<i>Botar cremas</i>					
	<i>Masaxes</i>					
	<i>Arranxo unllas</i>					
	<i>Peitear</i>					
	<i>Depilar/afeitar</i>					
	<i>Limpar dentadura</i>					
	<i>Lavar os dentes</i>					
	<i>Cambio ou vaciado de bolsa</i>					
	<i>Cambio de colectores</i>					
	<i>Cortar pelo</i>					
	<i>Tinxir o pelo</i>					
	<i>Axudar a vestir/espír</i>					
	<i>Limpar axudas técnicas</i>					
	<i>Exercicios de mantemento físico e cognitivo</i>					
<i>Supervisar hixiene persoal</i>						
<b>MEDICACIÓN</b>	<i>Solicitar citas médicas</i>					
	<i>Supervisar medicación e citas médicas</i>					
	<i>Recollida de receitas</i>					
	<i>Comprar medicación</i>					
	<i>Administrar medicación (vía oral, rectal, tópica)</i>					

	<i>Control da glicosa</i>					
	<i>Administrar insulina (vía oral inxectable)</i>					
	<i>Administrar eparina</i>					
	<i>Administrar osíxeno e aerosois</i>					
	<i>Control da tensión</i>					
	<i>Curas menores</i>					
	<i>Cambio de parches</i>					
	<i>Rexistro de activid. de inxestión e recollida de eliminación</i>					

(\*1) A cubrir naqueles casos nos que se acode ao servizo en máis dunha franxa horaria

	<i>ATENCIÓNS DE CARÁCTER DOMÉSTICO</i>	<i>F RANXA HORA RIA</i>	<i>PERIODICIDADE</i>			
			<i>IARI O</i>	<i>S EMAN AL</i>	<i>M ENSU AL</i>	<i>TR IMESTR AL</i>
<i>LIMPEZA E MANTEMENTO DO</i>	<i>Facer a cama</i>					
	<i>Cambiar a cama</i>					
	<i>Sacudir/aspirar alfombras</i>					
	<i>Limpar pezas do baño</i>					
	<i>Limpar azulexos baño</i>					
	<i>Limpar salón/sala</i>					
	<i>Limpar cociña</i>					
	<i>Limpar electrodomésticos</i>					
	<i>Limpar mesados</i>					

	<i>Limpar armarios de cociña</i>					
	<i>Ordear utensilios de cociña e comida</i>					
	<i>Varrer</i>					
	<i>Fregar chans</i>					
	<i>Ordear a casa</i>					
	<i>Fregar louza</i>					
	<i>Limpar azulexos cociña</i>					
	<i>Limpar cristais</i>					
	<i>Limpar portas</i>					
	<i>Facer a compra</i>					
	<i>Comprobar billas, luz....</i>					
	<i>Facer pequenas reparacións domésticas</i>					
	<i>Sacar o lixo</i>					
	<i>Comprobar telefonía móvil, teleasistencia</i>					
	<i>Ventilar habitacións</i>					
	<i>Acender o lume e poner calefacción</i>					
	<i>Limpar escaleiras</i>					
	<i>Limpar o po</i>					
	<i>Supervisar tarefas domésticas</i>					
<b>ALIMENTACI</b>	<i>Planificar menús e dietas</i>					
	<i>Facer a comida</i>					
	<i>Poñer e recoller a mesa</i>					
	<i>Trocear, enfriar, bater</i>					

	<i>Administrar comida</i>					
	<i>Administrar comida por sonda</i>					
	<i>Supervisar alimentación</i>					
	<i>Xestión económica de aprovisionamento</i>					
CUIDADO DA ROUPA	<i>Poñer a lavadora</i>					
	<i>Tender a roupa</i>					
	<i>Recoller a roupa</i>					
	<i>Ordear a roupa no armario</i>					
	<i>Pasar o ferro</i>					
	<i>Coser</i>					
	<i>Limpar o calzado</i>					
	<i>Comprar roupa</i>					

<i>ATENCIÓN DE CARÁCTER COMPLEMENTARIO</i>	<i>F RANXA HORA RIA</i>	<i>PERIODICIDADE</i>			
		<i>IARI O</i>	<i>S EMAN AL</i>	<i>M ENSUA L</i>	<i>TR IMESTR AL</i>
<i>Acompañamento ao médico</i>					
<i>Facer compras e/ou outras xestións</i>					
<i>Xestións telefónicas</i>					
<i>Xestión da correspondencia</i>					
<i>Pasear</i>					
<i>Acompañamento centro de día, ocio, etc.</i>					
<i>Calquera outra tarefa que se considere necesaria para a atención</i>					

<i>integral da persoa usuaria</i>					
-----------------------------------	--	--	--	--	--

6.- *Periodicidade dos seguimentos (mínimo bimestralmente)*

*Asinado en \_\_\_\_\_ na data \_\_\_\_\_*

*Recibín copia: persoa usuaria/  
Traballador/a  
representante legal*

*Visto e prace do/a  
Social do Concello*

*Recibín copia: auxiliar asignada  
xestora (\*2)*

*Técnico responsable empresa*

*(\*2) naqueles casos en que a xestión do programa sexa indirecta*

*ANEXO VI: NORMAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:*

*O Servizo de Axuda no Fogar estará rexido polas seguintes normas, que deberán respectar tanto o beneficiario e as persoas do seu entorno, coma os profesionais e voluntarios que interveñan. Estas normas, enumeradas a continuación, regulan o funcionamento do programa.*

*1. O tempo de atención en cada domicilio non superará ao establecido na resolución da concesión. Este feito, a periodicidade e as funcións e tarefas a desenvolver, serán as establecidas na resolución do expediente de solicitude do S.A.F.*

*2. O tempo de atención aos beneficiarios de libre concorrència poderá ser modificado en función das variacións que se produzan nas súas circunstancias persoais e/ou familiares, así como pola dispoñibilidade de medios do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, o que conleva implicitamente unha modificación da aportación económica do usuario.*

*3. Os usuarios quedan obrigados a comunicar calquera variación (cambio de domicilio, ingresos hospitalarios, teléfono, ingresos, dependencia, etc), nun prazo máximo de sete (7) días naturais.*

*4. A/o auxiliar do S.A.F. axustarase as normas detalladas no acordo do servizo e cando por calquer motivo a/o usuario/a queira modificar algún aspecto deste, deberá*

*informarlle que ten que solicitar a modificación no concello, nas dependencias de servizos sociais, que iniciará as xestións oportunas que dean lugar, no seu caso, a modificación da prestación.*

*5. Cando o/a auxiliar non poda acudir ao traballo por razón diversas tales como baixa por enfermidade, motivos persoais, vacacións, etc..., cubrirase o servizo con outro profesional do mesmo. No caso de que isto non fose posible, ao usuario aplicaráselle un desconto proporcional no abono mensual a pagar ou recuperaráselle as horas non prestadas.*

*6. Enténdese que durante a prestación do servizo, cando por calquera circunstancia fose necesario realizar un cambio no horario ou unha substitución da auxiliar poderá realizarse, estando igualmente vixente o contrato, estes cambios serán consensuados coa persoa usuaria e a súa familia. Débese respectar integramente o horario e as tarefas establecidas e non realizar cambios sen a debida autorización do responsable.*

*7. A/o auxiliar do SAF non disporá de chaves de ningún domicilio, agás cando as condicións da situación concreta así o esixan, sempre coa demanda e consentimento da/o usuario/a e aceptación da traballadora social responsable do SAF.*

*8. Por norma xeral o/a auxiliar non traballará no domicilio do/a usuario/a en ausencia deste, salvo por causa xustificada e informada no Departamento de Servizos Sociais.*

*9. Cando o usuario non se atope no domicilio no horario fixado, o/a auxiliar non ten a obriga de permanecer á espera máis de vinte minutos.*

*10. Calquera incidencia ou suxerencia do/a usuario/a respecto do servizo deberá poñelo en coñecemento do/a persoal técnico e non será dirimido entre a/ou auxiliar do SAF e a/ou usuario/a.*

*11. O usuario correrá cos gastos do material necesario para a prestación do servizo. (Material de limpeza, luvas, desprazamentos ao médico ou para a realización de xestións etc.).*

*12. Tanto os usuarios como os profesionais e voluntarios que interveñen no servizo, mostrarán un total e absoluto respecto á intimidade e á confidencialidade. A atención establecida non pode interferir nin limitar o dereito do usuario á súa intimidade.*

*13. O acto de remuneración da auxiliar correrá a cargo da entidade xestora, motivo polo que o usuario non deberá facerlle entrega de ningunha cantidade nin*

*gratificación en cartos ou especies. A auxiliar non admitirá ningunha contraprestación do usuario, nin poderá recibir ou custodiar diñeiro, xoias, obxectos do usuario ou documentación que os represente.*

*14. As/os usuarias/os absteranse de realizar comentarios sobre a vida persoal o familiar da/o auxiliar do S.A.F. Non facer partícipe ao usuario e á familia deste dos seus propios problemas, separando todo o posible a súa vida privada e o seu traballo.*

*15. As/os usuarias/os do S.A.F. aboarán a tarifa correspondente, en tempo e forma e contía establecidos na resolución, e que estará suxeita á revisión anual ou posibles modificacións do servizo.*

*16. As/os usuarias/os de libre concurrencia presentarán nos servizos sociais municipais, no mes de xaneiro de cada ano a documentación que se considere necesaria para os efectos de revisión e continuidade do servizo.*

*Con respecto aos usuarios que accedan vía dependencia as actualizacións e modificacións da capacidade económica das persoas usuarias de dependencia se levarán a cabo dacordo co establecido no artigo 18º do Decreto 149/2013, do 5 de setembro).*

*17. O servizo prestarase, como norma xeral, no domicilio do beneficiario.*

*18. A firma do contrato supón a aceptación das anteriores normas. Será preceptivo por todas as partes, o respecto ás condicións estipuladas no contrato de prestación do servizo (tarefas, horarios, supervisións, achegaseconómicas...)*

*19. En caso de ausencia ao traballo deberá comunicalo con antelación para a súa autorización. Se non fose posible por causas imprevistas, comunicarao en canto teña coñecemento das mesmas.*

*20. Non se poderá acudir ao lugar de traballo en compañía de persoas alleas ao servizo”.*

A concelleira do grupo municipal Foro Lugo Independiente pide a palabra para expresar que considera necesario coñecer os criterios e condicións do persoal a contratar para aplicar a modificación da ordenanza do servizo, e pregunta se se fixo algún tipo de contratación de persoal de axuda no fogar nos últimos tempos, xa que de ser así sería irregular ao non atinxirse á modificación que agora se trae ao Pleno previa modificación orzamentaria.

O Alcalde respóstalle que sí que se fixeron contratacións, xa que se fan de cotío, e que contaban, coma xa explicou antes, co correspondente respaldo orzamentario. Asemade, acláralle á concelleira de Foro Lugo que non se vai a modificar o réxime de prestación, nin as súas características, nin as cualidades do persoal, xa que está a ser prestado correctamente e a satisfacción dos usuarios.

Rematado o debate, sométense a votación as propostas de aprobación provisional da da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar e da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar no concello de Outeiro de Rei.

Realizada a votación, as propostas resultan aprobadas con seis votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e cinco votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, PSdG-PSOE e Foro Lugo Independiente.

#### **4.- MODIFICACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS**

A continuación, o Alcalde defende a seguinte proposta de resolución:

*“Co obxecto de dar cumprimento ó disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 210 da Lei 5/1.997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, na sesión plenaria celebrada o día 26 de xuño o Pleno Corporativo acordou que as sesións ordinarias do mesmo teñan lugar os derradeiros venres de cada mes par, ás trece horas. No caso de que resultase festivo, que a sesión teña lugar o día hábil inmediato anterior. Asemade, a sesión correspondente ao mes de agosto se celebrará no mes de setembro.*

*En relación á Xunta de Goberno, acordouse que as súas sesións ordinarias sexan celebradas os segundo e cuarto venres do mes, ás trece horas. Si algún deles resultase festivo, que a sesión teña lugar o día hábil inmediato anterior.*

*Non obstante, a celebración das sesión o último día da semana a última hora implica que, cando remantan as sesións, por regra xeral xa teñen pechado os rexistros das outras administración públicas e a valixa xa non recolle o correo até a semana vindeira, imposibilitado o curso dos acordos adoptados até o vindeiro luns, o que implica unha causa innecesaria de retraso na tramitación que convén atallar.*

*Esta circunstancia aconsella modificar o día de celebración das sesións, de xeito que se propón que as sesións ordinarias do mesmo teñan lugar os derradeiros xoves de cada mes par, ás trece horas. No caso de que resultase festivo, que a sesión teña lugar o día hábil inmediato anterior. Asemade, a sesión correspondente ao mes de agosto se celebrará no mes de setembro.*

*Polo que atinxe á Xunta de Goberno, proponse que as súas sesións ordinarias sexan celebradas os segundo e cuarto xoves do mes, ás trece horas. Si algún deles resultase festivo, que a sesión teña lugar o día hábil inmediato anterior”.*

O voceiro do grupo municipal do BNG considera que o horario debería ser fora do horario laboral para facilitar a asistencia dos veciños.

No mesmo sentido se expresan as concelleiras dos grupos municipais de Foro Lugo Independente e PSdG-PSOE.

Neste intre incorpórase a concelleira dona María José Martínez Vigo.



O Alcalde resposta que é convinte que durante a celebración das sesións estén dispoñibles os funcionarios municipais, polo que o lóxico é que as sesións se celebren en horario de traballo.

Ademáis, este concello é pioneiro en transparencia, xa que grábanse tódalas sesións plenarias para que estén a disposición de tódolos veciños na páxina web municipal e as vexan sempre que queiran, cando queiran e onde queiran.

O voceiro do BNG afirma que está ben que se graven os Plenos, pero advirte que os de xuño todavía non están dispoñibles na web, e xa van tres meses. E pon coma exemplo a Deputación de Lugo, na que os Plenos se celebran pola mañá e pola tarde xa están colgados en youtube con moi boa calidade.

O Alcalde comparte a necesidade de que se colgen pronto, e de feito dacote faise así, e apremia á empresa a facelo con esos plenos.

A voceira do grupo municipal de Foro Lugo afirma que non toda a poboación municipal ten internet, polo que esta medida non substitúe á asistencia persoal aos Plenos.

Rematado o debate, sométense a votación a proposta de modificación de periodicidade das sesións.

Realizada a votación, as propostas resultan aprobadas con sete votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e cinco votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, PSdG-PSOE e Foro Lugo Independiente.

## **5.- PROPOSTA DE ADHESIÓN AO ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINHAP E A FEMP PARA FACILITAR O DESARROLLO DA LEI DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO**

O Alcalde expón a seguinte proposta de resolución:

*“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:*

*A Dirección de Tecnoloxías de la Información y las Comunicaciones, DTIC, puxo a disposición das Entidades Locales a adhesión ao Servicio do Portal da Transparencia na Nube, coa que alcaldes, secretarios e outros xestores designados polas Entidades Locales poderán formalizar a adhesión do concello para acceder ás solucións tecnolóxicas que ofrece a SEAP á Administración Local e propiciar a transparencia e participación cidadá nos asuntos públicos.*

*Deste xeito, ponse a disposición de cada EELL que se adhira, un portal con unha estrutura análoga á do Portal de Transparencia de la Administración General del Estado*[\[2\]](#).

*As EELL poderán incluír os contidos e tramitar as solicitudes de acceso previstas na Lei, cumprir coas súas obrigas de publicidade e coas relativas ao dereito de acceso á información pública.*

*Este servizo é posible grazas ao Acuerdo Marco de colaboración asinado pola Secretaría de Estado de Administraciones Públicas e a Federación Española de Municipios y Provincias, FEMP e facilita o desenvolvemento da Lei 19/2013 de 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno nas Entidades Locais.*

*A través de este servizo, será posible acceder á labor dos representantes públicos e dos xestores.*

*Para asinar a adhesión será imprescindible que os órganos competentes de cada Entidade Local adopten un acordo previo, xa que a suscripción ao Portal de Transparencia na nube conleva unha serie de compromisos, tanto de carácter funcional, como técnico, para as administracións adheridas. A cambio, recibirán de maneira completamente gratuita a infraestrutura física, lóxica e de comunicacións do seu Portal de Transparencia, para que poidan configurar a súa aparencia e dotarlle de contidos. O prazo para todas estas tarefas será até o vindeiro mes de decembro, no que deberán estar a disposición dos cidadáns.*

*O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas reutilizará as bases de datos centralizadas, nas que as EELL verquen determinada información de carácter económico, organizativo, contractual, etc... Se trata dun valor engadido, porque, deste xeito, nutrirá cada un dos Portales con boa parte da publicidade activa que están obrigados a conter, sen que elo requira o menor esforzo para as mesmas.*

*Por todo iso, PROPOÑO ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordó:*

*Que o Concello de Outeiro de Rei se adhira ao Servizo do Portal da Transparencia na Nube, nos termos establecidos no Acuerdo Marco de colaboración asinado pola Secretaría de Estado de Administraciones Públicas e a Federación Española de Municipios y Provincias, FEMP e facilita o desenvolvemento da Lei 19/2013 de 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno nas Entidades Locais”.*

O Concelleiro do grupo municipal do BNG, don Xabier Muiños, manifestase de acordó coa proposta, xa que consideran de enorme importancia a transparencia, e máis neste concello.

A Concelleira do grupo municipal Foro Lugo Independiente tamén mostra a súa conformidade coa proposta, xa que considera imprescindible mellorar a transparencia no concello, sobre todo en temas coma a contratación, xa que non existe mesa de contratación.

A voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE exprésase no mesmo sentido.

O Alcalde considera que é un tema moi serio, e agradece que en relación ao portal estén todos de acordo.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

## **6.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS**

Ponse de manifesto as seguintes modificacións do inventario municipal de bens e dereitos:

“INVENTARIO MUNICIPAL DE BIENES INMUEBLES

EDIFICACIÓN Nº 16

CENTRO SOCIOCULTURAL DE SAN LORENZO

NOMBRE: Centro sociocultural de San Lourenzo

NATURALEZA DEL INMUBLE:

Servicio público

dotacional público

SITUACIÓN:

Parroquia: San Lourenzo.

Edificación de pranta baixa construída sobor o linde sur da parcela 88 do polígono 100, co camiño público municipal catastrado como polígono 100, parcela 9008.

Linderos: Parcela 88 do polígono 100 e polo sur, camiño público municipal.

CARACTERÍSTICAS EDIFICATORIAS:

Superficie construída: 113,8 m<sup>2</sup>.

Número de plantas: unha

ESTADO DE CONSERVACIÓN: ano de construción do local principal:  
1970

CARGAS:.libre de cargas.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: prescripción adquisitiva

SITUACIÓN REGISTRAL:

Registro da Propiedade: non consta  
Padrón Catastral da parcela: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA RÚSTICA Nº 16

NOME: Tramo de camiño desafectado en Caboi

NATURALEZA DO INMOBLE:

Suelo de núcleo rural

Prescripción: Derecho patrimonial

SITUACIÓN:

Parroquia: Fontela, Caboi.

Procedente da desafectación do tramo de camiño que discurre entre os lindes das parcelas catastrales 288 e 287, 289 e 290 e coa parcela 328 do polígono 27 do termo municipal de Outeiro de Rei e a simultánea afectación ao uso público dunha fanxa de terreo que ocuparía o linde sur das parcelas 290, 287, 286, 281 e 280

SUPERFICIE: 281 m2.

LINDEIROS:

Norte, Marcos Varela e Jara Varela.  
Sur, José García, Marcos Varela e Jara Varela  
Este; Marcos Varela e José Manuel Núñez.  
Oste: Fernando Candal e Jara Varela.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial, declarada en resolución de expediente de investigación de data de 4 de marzo de 2013. Desafectación aprobada definitivamente en data de 26 de abril de 2013.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Non consta.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 169

CABOI

NOME: PORCIÓN VIAL EN ASTARIZ– CABOI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CABOI

Núcleo/lugar: ASTARIZ

Lindeiros: Norte, parcela 2; Sur, terreo número 690 de Manuel Rodríguez Núñez; Este, estrada; e Oeste, coa finca matriz.

SUPERFICIE: 46,10 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 17 de abril de 2015

SITUACIÓN REXISTRAL:

Registro da Propiedade da finca matriz: Finca 11.515, Folio 187, Tomo 1165, Libro104.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 170

BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN CAXIGAL – BONXE.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: CAXIGAL

Lindeiros: Norte, coa finca matriz Sur, camiño; Este, parcela 76 de Nicanor Lombao Hortas e polo Oeste, parcela 84 do Concello de Outeiro de Rei, antes de Daniel Fernández Román.

SUPERFICIE: 234,15 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 15 de maio de 2015.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade finca matriz: Finca 11.256, Folio 10, Tomo1158, Libro102”.

Fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal de Foro Lugo Independiente, a quen non lle cadra que un centro sociocultural público se atope sobor unha parcela rústica privada de 21.156m2 e sobre a que existen máis inmobles, coma unha casa. Pregunta si se inventaria únicamente o terreo sobor o que se asenta ou todo o circundo.

O Alcalde respóstalle que tamén o terreo sobre o que se asienta, non sobor a parcela catastral rústica á que fai referencia, e recórdalle que a proposta de rectificación do inventario fai referencia a 113 m2.

Tamén lle explica que esto trae causa de unha cesión dun veciño feita fai moitos anos e que non se documentou.

A concelleira pregunta entón porqué se fai constar que o título de adquisición é a de prescripción adquisitiva.

O Secretario, a instancias do Alcalde, resposta que a prescripción é un dos xeitos de adquisición das entidades locais, e que esixe xusto título e boa fé. Cando o título é xusto (cesión gratuita) pero non suficiente, xa que non se formalizou debidamente, e transcurriu o prazo sanatorio para a prescripción (vinte anos entre presentes), a adquisición perfeciónase a través da figura da prescripción. Por iso consta tal título na proposta de rectificación do inventario.

A concelleira afirma que esa parcela é todo uno, e que non lle consta a licencia de segregación.

O Alcalde respóstalle que antaño fixéronse moitísimas cesións ao concello para actuacións en beneficio da colectividade e que non se documentaron debidamente. Con este tipo de propostas o que se trata, precisamente, é de documentalas, polo que se extraña de que pretenda sembrar dúbidas.

A concelleira de Foro Lugo afirma que se abre o catastro aparece que está sobor unha finca de 21 mil metros, e que non lle parece normal.

O Alcalde resposta que queda ben claro que se trata de inventariar exclusivamente o edificio, de 153 m<sup>2</sup>, non o resto da finca (non hai máis que leer a proposta) e que para regularizar a situación no catastro é necesario primeiro documentar a titularidade (como é lóxico), que é o que se pretende incluíndoa no inventario municipal.

O concelleiro Xabier Molinos pregunta si se vai a modificar todo conxuntamente ou ficha por ficha.

O Alcalde resposta que todo xunto.

A concelleira do grupo municipal pregunta se existe expediente de desafectación e de enaxenación da porción de camiño desafectada en Taboi. O Secretario asente.

Rematado o debate, sométense a votación a proposta de rectificación do inventario municipal.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con sete votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, dous votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal de Foro Lugo Independiente e tres abstencións pertencentes aos grupos municipais do BNG e PSdG-PSOE.

## **7.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA O EXERCIZO 2015**

O Alcalde fai uso da palabra informando que as previsións efectuáronse, en total correspondencia coa liquidación dos ingresos do ano pasado, e no tocante aos gastos, expoñendo a continuación os puntos máis salientables do orzamento, coma a existencia dun endebedamento do 0,7%, inversión en infraestruturas de 600.000 euros ou a previsión de urbanización de A Palloza, por preto de 1.200.000 euros, que non sabe se se levará a cabo ou non, pero o sistema de execución estabrecido obriga a orzamentalala. Non obstante, estamos a espera do que decidan os propietarios.

Tamén destaca a partida de máis de 200.000 euros en servizos sociais, 300.000 en fomento do emprego, benestar comunitario máis de 700.000 euros, medioambiente casi 100.000 euros, sanidad 100.000 euros, cultura 260.000 euros.... Dando lugar a un orzamento equilibrado **de 5.208.000 euros**, que, contextualizado nunha situación económica que todavía non é boa, permitirá manter todos os servizos de este concello cun nivel de calidade aceptable, a pesar de que xa son comparables á alza cos de calquer concello da nosa poboación ou incluso superior.

O concelleiro do BNG, don Xabier Molinos, lamenta que soamente se dispuxera de dous días para o análise do proxecto de orzamento.

O Alcalde afirma que non é certo, xa que antes da convocatoria do Pleno xa foi suxeito ao ditame da comisión informativa para o seu estudo, e ésta convocouse, asemade, con outros dous días de antelación.

O concelleiro do BNG recorda a importancia do Orzamento, en tanto constitúe unha habilitación para o gasto e permite coñecer aos cidadáns as liñas de actuación do seu goberno durante o ano. Por iso é importante que o orzamento se aprobe a tempo, antes do 1 de xaneiro de cada ano, tal e como esixe o artigo 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e non o día 28 de setembro, como está a suceder aquí.

Somamente por este motivo o BNG xa debe votar en contra de estos orzamentos, xa que son unha dación de contas do que fixo o executivo. Parece que os trae aquí a bendecir a súa actuación.

No que atinxe aos datos concretos, o 33% do orzamento vai dirixido a vivenda e urbanismo, mentres que soamente o 3,86% do orzamento se adica a servizos sociais. O fomento do emprego o 5,45% do orzamento, a pesares da situación económica que estamos a vivir.

Asemade, os datos que anticipan a liquidación arrojan un desfase orzamentario, así, pártese de gastos 5.700.000 euros, con dereitos recoñecidos por 2.100.000 euros, obrigas recoñecidas por 2.118.000 euros, polo que hai un desfase de 3.700.000 euros en ingresos a setembro, o que anticipa un grave desequilibrio. Por iso creen que moitas partidas atópanse maquilladas, ben deliberadamente, ben como consecuencia de deixadez que se arrastra dun ano para outro.

No que se refire ao anexo de investimentos, prevénse partidas de inversión a financiar por outras Administracións, que no se sabe si se confirmaron ou non, pero de non confirmarse debería reterse o crédito. Observamos ausencia de financiamento de outras Administracións amigas, como da UE ou do Estado, polo que a carga de financiamento lógrase incrementando a carga fiscal dos veciños.

Remata preguntando qué pasa co orzamento do ano 2016, que é o que deberían estar a estudar neste intre.

A voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE tamén lamenta o retraso na formación do orzamento, e advirte que a consigación da partida de urbanización de A Palloza estase a arrastrar exercizo tras exercizo sen chegar a ningunha conclusión, polo que debería tomarse unha decisión ao respecto.

O voceiro do grupo municipal de Foro Lugo Independente insiste no retraso da tramitación do orzamento, e lle parece improcedente que, a falla de tres meses para rematar o ano, se someta a debate o orzamento.

O Alcalde sorpréndese de que o BNG critique que non se esté a aprobar o orzamento do ano 2016, mentres critica que o Goberno do Estado aproba os orzamentos do 2016. Por iso pídelles coherencia.



Recórdalle que os orzamentos dos concellos nótrense, nunha gran porcentaxe, das aportacións de outras Administracións, polo que mentres non se aproban os orzamentos de estas Administracións (CCAA e Estado), carecemos de información moi importante para a formulación dos nosos orzamentos.

Non obstante, espera aprobar inicial o orzamento do ano 2016 a finais de ano ou principios do que ven, se ben correndo o risco propio da incertidumbre do que sucederá tralas eleccións xerais (algúns xa anuncian que se gobernan derrogarán os orzamentos), e das previsións dos orzamentos das outras Administracións (CCAA e Deputación).

No que se refire ao IBI, infórmalles que do 2014 ou 2015 baixou do 0,6 ao 0,4, e que a finais do ano 2014 aprobouse unha modificación pola que se reducía do 0,6 ao 0,5, e que entrará en vigor o próximo ano. Tamén recórdalles que a suba ao 0,6 non foi acordada polo Concello senón polo Goberno do Estado para aqueles concellos que en moito tempo non actualizaran a súa ponencia de valores e que estaban na taxa máis baixa.

Claro que lle gustaría que os impostos fosen máis baratos, pero entón as taxas terían que ser máis caras, porque os servizos hai que prestalos. E recórdalles que a modificación fíxose antes das eleccións para non enganar a ninguén.

Constata que a comisión informativa de asuntos do Pleno convocouse o lúns, polo que dispuxo, non de dous días, senón de unha semana para estudar os orzamentos, polo que tivo tempo máis que suficiente para estudalos.

E no que se refire á previsión de execución da urbanización de a Palloza, co ma xa dixo antes, debe consignala, e se non se executa non significa que exista desfase algún, xa que se non se executa tampouco se ingresa.

A concelleira do grupo municipal de Foro Lugo Independiente anuncia que non poden aprobar o orzamento do 2015 se todavía non está aprobada a conta do ano 2014, xa que os orzamentos son unha correlación de asentos contables, polo que presupón a aprobación das contas do ano anterior, polo que é ilóxico e un despropósito.

O concelleiro do BNG, don Xabier Molinos Campos, dá lectura ao artigo 168.4 da LRHL, que literalmente dí: *“el presidente de la entidad formará el presupuesto general y lo remitirá, informado por la Intervención y con los anexos y documentación complementaria detallados en el apartado 1 del artículo 166 y en el presente artículo, al Pleno de la corporación antes del día 15 de octubre para su aprobación, enmienda o devolución”*.

Engade que o que se aprobou no ano 2014 foi unha suba do IBI do 0,4 ao 0,5, e non unha baixada tributaria, polo que roga ao Alcalde que non distorsione a realidade, xa que non houbo baixada de impostos, senón unha suba sustancial.

Por outra banda, existindo un grao de execución do gasto reducido, ten que haber remanentes de crédito, polo que podería adicalo a fins tales coma levar o

saneamento a certas parroquias que non o teñen, e máxime cando na comisión especial de contas afirmou que había un remanente de máis de 400.000 euros.

O Alcalde alármase das contradicións da oposición, que por unha banda esixen que se aprobe o orzamento antes do 1 de xaneiro e, por outra banda, néganse a aprobalos até que se aproben as contas de ese exercizo, que non se poden aprobar ata o exercizo seguinte.

No que se refire ao IBI, recorda que a suba ao 0,6 foi un mandato legal alleo ao concello e que, tan pronto como se puido, baixouse ao 0,5. E claro que podería baixarse máis, pero debemos a seguir prestando os servizos e iso sólo se pode facer con cartos.

No que se refire ao remanente de tesourería, de empregalo en primeiro lugar tería que ser para a amortización da débeda –aínda que sexa ridícula- e, por outra parte, o manter o remanente de tesourería permítenos ter certo marxe de manobra para soste os servizos sociais aínda de concurrir causas imprevistas. Por iso é boa noticia ter superhábit no exercizo 2014, circunstancia que se da en poucos lugares, especialmente antes de unhas eleccións municipais. E a súa vez esta circunstancia refrenda que este equipo de goberno actúa con rigor, sen electoralismos.

Temos, polo tanto, unha boa situación económica que nos permite afrontar os servizos públicos con corección. E debemos recoñecer que é moi boa noticia que, o ano previo ás eleccións municipais, o resultado orzamentario sexa positivo. Isto pon de manifesto o rigor do equipo de Goberno na xestión municipal, e asegura que, se tras unha correcta xestión dos servizos públicos sobran cartos, o que se fará será baixar os impostos aos veciños, e non gastar máis coma fan os partidos da oposición alí onde gobernan.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación inicial do orzamento xeral para o exercizo 2015.

Realizada a votación, os orzamentos resultan aprobados inicialmente con oito votos a favor e cinco votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, PSdG-PSOE e máis Foro Lugo Independiente.

## **8.- MOCIÓNS ROGOS E PREGUNTAS**

O voceiro do grupo municipal do BNG escomenza a defensa da moción presentada con data de 27 de agosto de 2015, do seguinte teor literal:

Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte:

*“MOCIÓN RELATIVA Á RETIRADA DEFINITIVA DO PROXECTO DO CONCELLO DE DELIMITACIÓN E URBANIZACIÓN DE POLÍGONOS URBANOS NA VILA DE OUTEIRO*

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*É unha realidade comprobábel o rexeitamento que produciu tanto nos propietarios das parcelas como nas veciñas e veciños de Outeiro en xeral o proxecto desa Alcaldía sobre a delimitación de polígonos urbanos da Vila de Outeiro de Rei.*

*Do mesmo xeito, tamén resulta incomprensible para todas as persoas razoábeis o feito de non intentar solucionar o problema da urbanización da N-VI ao seu paso pola vila a través do propio Ministerio de Fomento, ao igual que se fixo na práctica totalidade das vilas que esta estrada cruza, dende A Coruña ata Madrid.*

*Ademais de todo isto, cando se fixo público o proxecto, a práctica totalidade das afectadas e afectados fixeron as correspondentes alegacións ao proxecto, alegacións que varios meses despois seguen a estar sen contestar incrementando a sensación de inseguridade e seguindo a sementar moitas dúbidas sobre todo o proceso.*

*Se temos en conta que esta demora en modo algún pode ser imputado ao funcionariado municipal, pois o concello ten persoas dabondo e suficientemente profesionalizadas para levar esta tarefa adiante no tempo transcorrido, a única explicación posíbel é a decisión política do Alcalde de impedir a contestación das devanditas alegacións, cuestión que dende o punto de vista deste Grupo do BNG resulta impresentábel politicamente e moral e eticamente intolerábel.*

*Por todo iso, SOLICITAMOS do Pleno da Corporación Municipal de Outeiro de Rei a adopción do seguinte:*

### ACORDO:

*A retirada inmediata do proxecto de delimitación de polígonos urbanos na vila de Outeiro de Rei, comunicando ese acordo a todas as persoas afectadas para a súa tranquilidade e iniciar o proceso de solicitude ao Ministerio de Fomento da transferencia dese tramo de N-VI previa conversión en travesía urbana e urbanización por parte do Ministerio de Fomento”.*

Polo tanto, pide a aprobación da moción para tranquilizar aos veciños de Outeiro de Rei.

Os voceiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e máis de Foro Lugo Independiente manifestan a súa conformidade co contido da moción.

O voceiro do grupo municipal do PP afirma que eles nunca intranquilizaron aos veciños de Outeiro, senón que algúns pretenderon intranquilizalos coa vista posta nas eleccións.

E recorda que é a Lei do Solo de Galicia a que esixe que se delimite en polígonos o solo urbano non consolidado para que se poda edificar. E tamén recorda que coa delimitación en polígonos non se modifica en nada o Plan Xeral, nin as limitacións impostas por estradas, xa que a delimitación ten que respectar obrigatoriamente o planeamento existente.

Polo tanto, o Concello non retirará o proxecto de delimitación, tan sólo o retirará se non se chega a un acordo coa meirande parte dos veciños. E claro que ao concello lle gustaría que a urbanización das calles fose gratuíta para os veciños, e recorda que as rúas feitas até o momento fíxose a custa do concello, non dos propietarios de Outeiro de Rei, e espera que esto poida seguir sendo así.

Afirma que o principal problema radica na N-VI, e recorda que o Goberno do Estado, por aquel entón Socialista, impuxo unhas distancias esaxeradas ao Concello para aprobar o Plan Xeral.

O Concello agora o que ten que facer é negociar a redución da alineación marcada no seu día polo Goberno socialista do Estado, e xa que se construíu a AVI e diminuíu o tráfico rodado pola Nacional, é posible. E unha vez que teñamos esto claro, será posible falar de financiación para a execución da urbanización do entorno da estrada, xa que non se pode falar de financiación se non se sabe o que se quere facer.

Polo que respecta ao traspaso da titularidade da vía, non lle parece moi axeitado que o Concello teña que asumir a conservación de dous quilómetros de estrada nacional, aínda que podería estudiarse.

E, por suposto que non está nos plans do concello tirar as casas, nin o centro médico, nin o parque infantil municipal, nin todas esas afirmacións que algúns verqueron co gallo de infundir medo de cara as eleccións municipais.

O voceiro do grupo municipal do BNG afirma que traen este tema agora e non hai eleccións á vista, o que desminte claramente a afirmación do voceiro do PP.

Puntualiza que se trata de retirar un proxecto que hai enriba da mesa, que moitos veciños califican de barbaridade, e dubida que logre chegar a un acordo cos veciños sobre o mesmo.

É certo que este proxecto non ten unha relación directa co plan urbanístico, pero sí unha relación indirecta, xa que este Concello se merece un Plan Xeral. E se non se fai, a lo menos que se xestione de xeito transparente e obxectivo.

Polo tanto, a solución pasa por retirar o proxecto imposto por vostede, falar cos veciños, e presentar un novo consensuado con eles.

A vicevoceira do grupo municipal Foro Lugo Independiente respalda a moción, e considera que as Normas Subsidiarias actualmente vixentes están en desuso e non se axeitan á normativa urbanística vixente.

O voceiro do grupo municipal do PP recórdalles que a xestión urbanística deste concello fíxose tal e como marca a Lei, limitándose a conceder licencias en solo urbano ou de núcleo rural e a desenvolver os solos urbanizables previstos no Plan.

E se á oposición non lle gustan as delimitacións de solo que contén o Plan, o que teñen que plantexar aos veciños é a redacción dun novo. Agora ben, coa normativa urbanística actualmente vixente, un novo Plan implicaría unha redución drástica dos núcleos rurais e do solo urbanizable.

Este equipo de Goberno nunca tomará unha iniciativa que conlevará unha redución enorme dos dereitos urbanísticos dos veciños de Outeiro de Rei.

No que atinxe ao proxecto de delimitación de polígonos en solo urbano non consolidado, este concello formulou unha proposta porque a Lei esixe facelo se os veciños queren no futuro edificar. Este proxecto someteuse a información pública para que os veciños expresen o seu parecer e presente propostas, e na medida na que as alegacións ou propostas respecten a lei, serán atendidas.

A voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE plantexa que neste concello non existe Plan Xeral.

O voceiro do grupo municipal do PP resposta que hai Normas Xerais de Planeamento, que é un planeamento xeral que ten a mesma eficacia que un Plan Xeral.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor e oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

A continuación, iníciase a defensa polo concelleiro do BNG Xabier Molinos Campos, a moción presentada con rexistro de entrada de 27 de agosto de 2015, do seguinte teor literal:

*“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:*

*MOCIÓN RELATIVA A ELABORAR UN PROTOCOLO PARA A REGULACIÓN DOS PRAZOS DE EXPOSICIÓN E A FORMAS DE DARLLE PUBLICIDADE ÁS CONVOCATORIAS DE PRAZAS PARA POSTOS DE TRABALLO NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*É evidente que un dos parámetros máis relevantes que mide a saúde democrática dunha Administración Pública é o grao de cumprimento dos principios de mérito, capacidade e publicidade que se da nos contratos de traballo desa Administración.*

*Tamén é evidente que se en algo se caracteriza e polo que é máis coñecido en todo o país o Concello de Outeiro de Rei é pola ausencia dos principios antes citados e polos sistemas de contratación existentes.*

*Este mesmo verán, unha praza de peón de incendios para cinco meses foi publicitada durante exclusivamente 5 días no taboleiro de anuncios do concello,*

*estando ademais “sospeitosamente” agochada detrás doutros papeis que nada tiñan que ver con ela.*

*Proba destas técnicas de agochamento foi que tan só unha persoa se presentou a esta praza, a pesares de que non se requiría ningún requisito específico para poder levar a cabo ou acceder a ese traballo.*

*Non é intención do BNG facer un traballo político mirando continuamente cara atrás, con reproches ou discusións que non aportan nada positivo nin levan a ningún lado, sobre todo se se percibira un auténtico propósito de emenda e unha verdadeira vontade de cambiar a forma de facer política por parte do grupo de goberno.*

*Por todo iso e nesa liña construtiva, dende o BNG PROPOÑEMOS ao Pleno Municipal de Outeiro de Rei o debate e aprobación da seguinte*

### *MOCIÓN:*

*Toda contratación que se realice no concello de Outeiro de Rei debe cumprir, en canto a prazos e publicidade, as seguintes condicións:*

*1. Toda contratación do concello de Outeiro de Rei será publicada un mínimo de 10 días en todos os medios existentes no concello, incluído por suposto o taboleiro de anuncios municipal.*

*2. A publicación no taboleiro de anuncios do concello será feita de forma que, voluntaria ou accidentalmente, estas non poidan ser ocultadas á vista das veciñas e veciños. Para iso existirá un taboleiro específico para este tipo de exposicións onde, respectando escrupulosamente a perfecta visibilidade dos anuncios, ao mesmo tempo se impida a súa manipulación para que non poida existir o ocultamento destas.*

*3. Para a publicidade destas convocatorias usaranse todos os mecanismos existentes a disposición do concello. Nomeadamente, expóranse nas parroquias, colgaranse inmediatamente na páxina web, comunicaranse á prensa ou usarase calquera outro método do que o concello dispoña e poida ser usado para conseguir á súa máxima difusión.*

*4. Toda convocatoria será comunicada inmediatamente por correo electrónico, ou polos medios que ordinariamente se usan, a todos os grupos da Corporación Municipal para que estes poidan axudar a súa publicidade e ademais leven a cabo o seu traballo de fiscalización da acción política do goberno en prazo sen ningún tipo de trabas.*

*5. Inicio do estudo por parte dos servizos xurídicos do Concello das formas legais para a creación dunha Mesa de Contratación Municipal onde estean representados todos os grupos políticos da corporación así como os axentes sociais do concello. Este estudo será presentado ao Pleno para que este leve a cabo as correspondentes propostas para a creación da devandita Mesa”.*

Rematada a defensa da moción, os voceiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e de Foro Lugo Independiente respaldan o contido da moción.

O voceiro do grupo municipal do PP afirma se está a respectar a normativa e garantías legais para a selección do personal, desminte que se agachasen os anuncios de selección de personal e que, salvo en casos excepcionais, os prazos de presentación de solicitudes son amplos.

Polo que atinxe á composición das mesas de contratación, nestas están presentes funcionarios, o que garante a súa obxectividade.

O concelleiro do grupo municipal do BNG afirma que o Concello dispón de un taboleiro de edictos dixital na súa páxina web e, nembargantes, alí non se publicitan os postos de traballo. E o problema non son os funcionarios que compoñen o tribunal de selección, senón que se non existe unha publicidade axeitada dos procesos de selección non pode haber realmente concurrencia, de ahí que a estas prazas curiosamente soamente se presente unha persoa.

O Alcalde afirma que este ano, por exemplo, unha praza non se logrou cubrir a pesares da publicidade dada, e insiste en que se cumpre axeitadamente a lexislación.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor e oito votos en contra, pertencentes aos conlleiros do grupo municipal do PP.

Acto seguido, a instancias do sr. Alcalde, o Secretario da lectura aos seguintes escritos:

Rogo presentado polo grupo municipal do BNG con número de rexistro de entrada 3172 e data de 27 de agosto de 2015, do seguinte teor literal:

*“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte:*

#### *ROGO*

*PARA QUE DENDE A ALCALDÍA SE FAGAN AS ACCIÓNS NECESARIAS PARA A RECUPERACIÓN DUNHA ANTIGA CRUZ DE CANTERÍA QUE EXISTÍA NUNHA PAREDE DUN CAMIÑO NO BARRIO DE MAUNFE, PARROQUIA DE MARTUL*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A conservación do patrimonio histórico é unha responsabilidade fundamental das institución públicas. A ausencia deste traballo significaría un desprezo total e absoluto polo legado dos nosos antepasados e sen ese respecto resultaría imposible levar adiante unha acción de goberno digna. Do mesmo xeito, este valioso patrimonio histórico aínda que sexa privado ten unha forte compoñente pública pois, sobre todo*

*cando estivo exposto durante décadas nun lugar público, pasa a ser patrimonio de todas e todos ou, cando menos, hai que contar co conxunto da cidadanía para calquera acción que se desexe acometer sobre el.*

*Esta cruz estaba na parede dunha finca, ao carón dun camiño do barrio de Maulfe, e por onde hoxe en día pasa unha pista pista, e segundo os habitantes da zona representaba unha lenda popular do lugar.*

*Esta cruz, segundo estas persoas, rompeu cando se levaron a cabo a traballos de corta dos pinos da finca alí situada e a cruz foi levada polos seus teóricos “donos” para a súa “teórica” reparación.*

*Dado que disto xa pasaron uns cantos meses, a desconfianza sobre o regreso ao lugar onde levaba xa moitas décadas é patente nos habitantes do lugar.*

*Por todo iso, presentamos ante a señor Alcalde-Presidente deste Concello o seguinte*

**ROGO:**

*Que se fagan os trámites necesarios por parte desa Alcaldía para investigar o paradoiro da devandita cruz de cantería e logo que esta se volva a colocar totalmente reparada no luar onde xa levaba exposta dende fai xa moitos anos e do que onde nunca debeu saír”.*

Rogo presentado polo grupo municipal do BNG con número de rexistro de entrada 2832 e data de 27 de agosto de 2015, do seguinte teor literal:

*“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte:*

**ROGO**

**PARA OBTENIR UNHA MELLOR E MÁIS AXIL INFORMACIÓN POR PARTE DOS GRUPOS DA OPOSICIÓN SOBRE AS ACCIÓNS DO GOBERNO MUNICIPAL**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Toda a lexislación existente a tal efecto, tanto no fondo como na forma, contempla e fomenta o dereito de todas os concelleiros e concelleiras a coñecer e ser informados e informadas de todo o que aconteza no Concello, en canto ás accións de goberno se refire, non existindo ningunha limitación nese dereito.*

*Ademais do que contempla a proia lei, nun Estado democrático resulta lóxico e de sentido común que a oposición faga un traballo de control e fiscalización das accións de goberno, necesitando para elo toda a información posible, cuestións que redundarán sempre nun mellor funcionamento da institución.*



*Para que ese traballo se poida levar a cabo con eficiencia e eficacia, resulta fundamental a colaboración e boa disposición dos propios equipos de goberno, facilitando ao máximo e na medida das posibilidades de cada institución, o traballo da oposición poñendo para elo todos os medios ao seu alcance.*

*Por todo iso, presentamos ante a señor Alcalde-Presidente deste Concello o seguinte*

**ROGO:**

*Que se fagan os trámites e se tomen as decisións oportunas para comunicar por correo electrónico e coa maior prontitude posible aos voceiros dos grupos municipais todas as decisións que se vaian tomando como consecuencia da decisión de goberno (decretos, actas de comisións, etc.)”.*

Rogo presentado polo grupo municipal do BNG con número de rexistro de entrada 3172 e data de 28 de agosto de 2015, do seguinte teor literal:

*“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte:*

**ROGO**

**DE INFORMACIÓN AO PLENO SOBRE A OBRIGACIÓN LEGAL DO ALCALDE DE DAR CONTA EN CADA PLENO DOS ACTOS DE GOBERNO XERADOS DENDE O ÚLTIMO PLENO E DA ENTEGA AOS GRUPOS POLITICAS DAS ACTAS DA COMISIÓN DE GOBERNO**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*En data 27 de xullo deste mesmo ano o Grupo Municipal do BNG presentou un escrito solicitando desa Alcaldía o cumprimento da lexislación vixente e se procedera a dar conta en cada Pleno Ordinario de todas as accións de goberno dende o último pleno celebrado.*

*Do mesmo xeito, Alcalde tamén está a coller o costume de non deixar contestar ou falar ao Secretario de toda a Corporación cando se lle fai unha pregunta por parte do BNG, substituíndo esta contestación por un discurso político.*

*Dende o Grupo Municipal do BNG pensamos que o Secretario Xeral debe estar ao servizo de toda a Corporación e non só do Alcalde e, ademais, que os concelleiros dos grupos da oposición necesitan información técnico-xurídicas de forma habitual.*

*Por todo iso, presentamos ante a señor Alcalde deste Concello o seguinte*

**ROGO:**

*Que o Secretario da Corporación proceda a lectura dos artigos da lei que recollen os seguintes asuntos:*

- Obrigación de dar conta das acción de goberno nos plenos.*
- Entrega aos grupos políticos das actas das Comisións de Goberno e do Prazo para entregalas.*
- Procedemento e condicións para un grupo de concelleiros poidan pedir un informe xurídico ao Secretario”.*

A vicevoceira do grupo municipal Foro Lugo Independiente alega que o seu grupo presentou outro rogo que debe ser atendido, xa que se presentou con 24 horas de antelación na Subdelegación do Goberno.

O Alcalde afirma que en principio non pode ser atendido xa que non tivo entrada no Rexistro de este Concello a día de hoxe, e que o prazo de 24 horas iníciase cando o escrito pode estar a disposición da Corporación; é dicir, cando entra no Concello.

A pesar de esta conducta anormal, autoriza á vicevoceira do grupo municipal Foro Lugo Independiente a que dé lectura ao rogo.

A vicevoceira do grupo municipal Foro Lugo Independiente dá lectura ao seguinte rogo:

*“A efectos de que el equipo de gobierno preste el debido asesoramiento y apoyo a los veciños, a fin de que se proceda a la determinacion y en su caso deslinde y solución de conflictos entre las propiedades privadas y propiedades de titularidad de la Iglesia Católica, con la realización de las gestiones pertinentes para que llegado el caso y hubiere un acuerdo preciso, el cementerio o cementerios pasen a ser de titularidad municipal o al menos gestionados por el Ayuntamiento”.*

O Alcalde manifesta o seu rexeitamento de que os cemiterios parroquiais pasen a ser de titularidade municipal.

A continuación o Secretario dá lectura ás seguintes preguntas:

Escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG con número de rexistro 3170 e data de 28 de setembro de 2015, do seguinte teor literal:

*“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes preguntas, para a súa resposta por parte da Alcaldía.*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*A Casa Museo de Manuel María, a súa casa natal, estase a converter nun punto de referencia para a cultura do noso país e será dentro de moi poucos anos, sen dúbida, o buque insignia e o símbolo polo que vai ser coñecido o concello de Outeiro de Rei en todo o país.*

*A Real Academia Galega decidiu dedicar o Día das Letras Galegas do ano 2016 ao noso poeta Manuel María, noso por ser o poeta do noso país e noso tamén por ser nado no noso concello. Os parabéns á familia do poeta e a Fundación Manuel María*

*chegaron dende todos os puntos, de todos os sectores sociais e dende todas as ideoloxías, sendo o propio conselleiro de Cultura e Educación un dos primeiros en transmitir estes parabéns á Fundación.*

*Do mesmo xeito, o segundo sábado de xullo volveuse a celebrar o “Convivio da Cultura Galega” no Campo da Santa Isabel, cunha ofrenda floral a Manuel María no cemiterio e un acto público na Casa-Museo. A este acto acudiu xente da cultura de todo o país, incluído varios Alcaldes das provincias de Lugo, Coruña e Pontevedra así como persoas de todas as esquinas de Galiza a título completamente individual.*

*Entre toda estas persoas, que eran moitas, destacaba enormemente a ausencia do Alcalde de Outeiro de Rei, non entendendo todos e todas as visitantes de fóra do concello esta ausencia.*

*Por todo iso, o Grupo Municipal do BNG fai ante este Pleno Municipal as seguintes*

#### *PREGUNTAS:*

*1. Cal é o motivo de que o Alcalde de Outeiro non transmitise os parabén nin a familia nin á fundación Manuel María cando se decidiu por parte da Real Academia Galega dedicarlle o Día das Letras Galegas do 2016?*

*2. Cal é o motivo da non participación do Alcalde en ningún acto de homenaxe ou recoñecemento ao noso ilustre poeta nin a ningún acto cultural relacionado con el?”.*

O Alcalde afirma que a afirmación que se verque na segunda pregunta non é certa, e pon coma exemplo o acto de inauguración da posta en valor da Casa de Manuel María.

En resposta á primeira pregunta, o Alcalde manifesta que o Concello e maila Consellería participarán nos actos que se celebrarán o ano que ven, e que é un motivo de ledicia que a homenaxe racaiga sobor este poeta.

Escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG con número de rexistro 3171 e data de 28 de setembro de 2015, do seguinte teor literal:

*“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte pregunta, para a súa resposta por parte da Alcaldía.*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*En data 27 de xullo de 2015 o Grupo Municipal do BNG presentou no rexistro do Concello un escrito solicitando desa Alcaldía que en cumprimento da lexislación*

*vixente se procedera a dar conta en cada Pleno Ordinario de todas as accións de goberno dende o último pleno celebrado.*

*Do mesmo xeito, tamén existe a obrigaón legal de entregar aos grupos políticos, nun prazo de dez días, unha copia das actas das comisións de goberno.*

*Por todo iso, o Grupo Municipal do BNG fai ante este Pleno Municipal a seguinte pregunta:*

*PREGUNTA:*

*¿Cal é o motivo polo que o Alcalde non cumpre a lexislación e impide que os concelleiros da Corporación coñezan puntualmente as actas das Comisións de Goberno e non se dea conta dos actos deste goberno en todos os plenos ordinarios? ”.*

O Alcalde entende que non incumpre a lexislación, e que nos Plenos ordinarios se da conta das actas.

A voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, formula as seguinte preguntas para o seu tratamento no seguinte Pleno:

*En relación ao problema da auga na urbanización de Santa Isabel: ¿Porqué non está dado de alta no SINAC o servizo de tratamento de auga potable do concello de Outeiro de Rei?. ¿Pode ser porque as analíticas non son favorables e non se queren dar a coñecer?.*

O Alcalde resposta que sí que está dado de alta no SINAC.

*¿Con qué medida o Concello respaldou ao sector gandeiro no conflito actual?.*

Este equipo de Goberno formulou unha moción de apoio ao sector gandeiro que aprobou a Xunta de Goberno, e recorda que algúns dos concelleiros do PP somos profesionais da gandería.

O equipo de Goberno sempre apoiará a este sector, e o fai non soamente con palabras, senón con feitos, e de tal xeito está a prestar un apoio permanente, prestando servizos ou apoiando economicamente ou con locais as súas asociacións.

*¿Se pode pedir máis prazo para estudar os asuntos que se traen ao orde do día?.*

O Alcalde resposta que sí, pero xa se están a respectar os prazos legais, e en tanto todos os asuntos se ditaminan previamente na comisión de asuntos do Pleno, o prazo para o seu estudo é moi amplo.

E non habendo máis asuntos a tratar levántase a sesión, sendo as quince horas e vintecinco minutos do día expresado no encabezamento, da que eu, Secretario, extendo a presente acta.

O Secretario

VºPº; O Alcalde